

#### 4 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.


Os documentos seguintes permiten elaborar unha composición sobre a evolución política da Segunda República ata o golpe de estado de xullo de 1936. Tal evolución estivo en gran parte marcada polos resultados das diferentes eleccións a Cortes (Doc. 1). Na primeira etapa, a composición do Parlamento posibilita a promulgación dunha Constitución (Doc. 2) que abre o camiño a importantes reformas en diferentes ámbitos; o triunfo das dereitas en 1933 supón un xiro esencial, manifesto

xa no programa electoral que se pretende aplicar (Doc. 3); por último, o resultado electoral de 1936 reinicia de xeito acelerado a política de reformas (Doc. 4), pero coa ameaza crecente dun golpe como o que se denuncia no Doc. 5. Lembra que debes apoiarte nas fontes subministradas para elaborar a túa redacción.

\*Proba de acceso á Universidade (Comisión Interuniversitaria de Galicia), opción 2 de setembro de 2003.

#### DOC. 1. A BASE ELECTORAL DAS ESQUERDAS/DEREITAS NA REPÚBLICA.

Gráfico simplificado (esquerdas e dereitas) dos resultados electorais de 1931, 1933 e 1936.



#### DOC. 2. ARTIGOS DA CONSTITUCIÓN DE 1931.

**Art. 1.º** España é unha República democrática de traballadores de toda clase, que se organiza en réxime de liberdade e de xustiza [...].

A República constitúe un Estado integral, compatible coa autonomía dos municipios e as rexións [...].

**Art. 3.º** O Estado español non ten relixión oficial [...].

**Art. 39.** Os españois poderán asociarse ou sindicarse libremente [...].

**Art. 44.** Toda a riqueza do país, sexa quen for o seu dono, está subordinada aos intereses da economía nacional [...]. A propiedade de toda clase de bens poderá ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade social mediante adecuada indemnización [...].

Cos mesmos requisitos a propiedade poderá ser socializada [...].

**Art. 48.** A ensinanza primaria será gratuita e obrigatoria. A ensinanza será laica [...].

Constitución española de 1931

#### DOC. 3. A OPOSICIÓN DE DEREITAS.

Os candidatos da coalición antimarxista defenderán resoltamente e por riba de todo a necesidade dunha inmediata derrogación [...] dos preceptos, tanto constitucionais coma legais, inspirados en designios laicos e socializantes [...]; traballarán sen descanso para lograr a cancelación de todas as disposicións confiscadoras da propiedade e persecutorias das persoas, das Asociacións e das crenzas relixiosas [...]. A impedir que a política anticatólica, antieconómica e antinacional, representanda polo socialismo e os seus subalternos [...], prevaleza [...] na gobernanza do Estado, irán vigorosamente encamiñados todos os nosos esforzos.

Manifesto electoral da candidatura antimarxista por Madrid, aparecido no ABC en outubro de 1933

#### DOC. 4. O PROGRAMA DA FRONTE POPULAR.

Como suposto indispensable de paz pública, os partidos coaliados comprométense:

**1.º** A conceder por lei unha ampla amnistía dos delitos políticos-sociais cometidos posteriormente a novembro de 1933 [...]. Restablecerán o imperio da Constitución [...]. Derrogarán inmediatamente a vixente lei de arrendamentos [...]. Consolidación na propiedade, tras a liquidación, aos arrendatarios antigos e pequenos [...]. A República ten que considerar o ensino como atributo indeclinable do Estado [...]. Promoverán, co ritmo dos primeiros anos da República, a creación de escolas de primeira ensinanza.

Presentación do programa electoral da Frente Popular, xaneiro de 1936

#### DOC. 5. A TENSIÓN ESQUERDA/DEREITA ANTES DO GOLPE.

José Díaz, secretario xeral do PCE, denuncia nas Cortes a existencia dun complot contra o goberno da Frente Popular (15 de xullo de 1936):

Señor Gil Robles [...], estamos completamente seguros de que en moitas provincias de España se están a facer preparativos para o golpe de Estado [...]. Todos estamos vixientes, coa fin de que non poidades levar a cabo os vosos intentos porque, de facelo así, levaredes a España polo camiño polo que a levastes neses dous anos de represión, de fame e de descrédito para o país. Nós non queremos esa España, senón unha España democrática, onde haxa benestar para os obreiros e para as clases populares [...]. Non queredes acatar o que representou o triunfo do 16 de febreiro, e de aí a vosa política e a vosa actuación.

Intervención de José Díaz nas Cortes españolas o 15 de xullo de 1936

A **proclamación da II República** produciuse o 14 de abril de 1931, tras o triunfo nas cidades da coalición republicano-socialista nas eleccións municipais do 12 de abril. Nese momento constituíuse un goberno provisional integrado polos representantes dos partidos que asinaran o Pacto de San Sebastián (1930): republicanos, socialistas, catalanistas e galeguistas, quedando excluídos os monárquicos, os comunistas e os anarquistas.

As principais tarefas que asumió ese goberno foron anunciar as primeiras reformas e convocar eleccións a Cortes constituyentes, que se celebraron o 28 de xuño de 1931.

Esas **primeiras eleccións gañaronas os partidos de esquerdas**, como mostra o gráfico do Doc. 1, onde destaca o grande apoio que obtivo o PSOE, aínda que tamén foi notable o obtido polo Partido Radical de Lerroux, a segunda força más votada. A composición da nova cámara permitiu a redacción e aprobación dunha **Constitución** (Doc. 2), aprobada o 9 de decembro de 1931. Na Constitución definíase a España como «unha República democrática de traballadores de toda clase, que se organiza en réxime de liberdade e de xustiza» e como un «Estado integral, compatible coa autonomía dos municipios e das rexións» (art. 1), ao tempo que se establecía que o «Estado español non tiña relixión oficial» (art. 3) ou que «toda a riqueza do país, sexa quen for o seu dono, está subordinada aos intereses da economía nacional» (art. 44), polo que podería ser expropiadada e socializada, e instauraba a ensinanza primaria gratuita, obrigatoria e laica (art. 48).

Así mesmo, grazas á iniciativa dos republicanos de esquerdas e dos socialistas, desenvolvéronse importantes **reformas**, entre as que cómpre salientar as seguintes:

- A **instauración dun Estado laico**, que supuxo a adopción dunha serie de normas, relativas ao divorcio, aos bens da Igrexa..., que chocaron frontalmente coa Igrexa e cos sectores católicos, que atoparon na defensa do catolicismo e do sometemento do Estado á Igrexa un motivo para o confrontamento permanente.
- A **reforma agraria**, que tiña por obxectivo principal modificar as relacións de propiedade da terra contribuíndo a mellorar as condicións de vida da poboación campesiña do sur peninsular, suscitou a oposición dos terratenentes logo da aprobación da Lei de Bases da Reforma Agraria de setembro de 1932.
- O **recoñecemento do dereito das nacións periféricas á autonomía**, que foi rexeitado polos defensores da «unidade de España», para quen o proceso autonómico, iniciado en 1932 coa aprobación do Estatuto de Autonomía de Cataluña, era un síntoma da desintegración de España en mans dos separatistas.
- A **dereito á educación**, vinculado coa cuestión relixiosa debido a que se consideraba un atributo indeclinable do Estado, implicou o peche dos colexios en mans das institucións relixiosas, que se opuxeron frontalmente, e un esforzo notable na creación de escolas de ensinanzas primarias e na difusión da cultura.

Ademais, nese período avanzouse na **constitución dun exército moderno e sometido ao poder civil** e na creación da Guardia de Asalto, encargada da seguridade urbana; así como na regulación dos dereitos políticos e sociais recollidos na Constitución.

Esas reformas, possibles grazas ao apoio dos sectores da poboación más desfavorecida, contaron coa **forte oposición** da oligarquía e

dos terratenentes, que se apoiaron na Igrexa e nun sector importante do exército, o mesmo que atentou contra a República mediante o golpe de Estado do xeneral Sanjurjo en 1932.

Consecuencia do **desgaste do goberno**, producido pola oposición das organizacións empresariais, o acoso dos radicais de Lerroux, a conflitividade social instigada polos anarquistas (ás veces con tráxico final: Casas Viejas), e a **oposición da Igrexa católica**, así como polas fisuras internas, Alcalá Zamora forzou a dimisión de Azaña e convocou eleccións para novembro de 1933.

Os sectores sociais opositos ao reformismo progresista, unha vez que optaron pola vía democrática para paralizar as reformas en curso e reformar a Constitución «laica e socializante», como recolle o programa da candidatura antimarxista por Madrid publicada en outubro de 1933 polo xornal dereitista ABC (Doc. 3), presentáronse unidos nunha coalición electoral de dereitas. O **triunfo da dereita** nas eleccións de novembro de 1933 (Doc. 1), abriu paso ao **bienio de centro-dereita** (1933-1935).

O **goberno radical** (1933-1934) **paralizou as reformas** agraria e laborais; deixou sen executar as leis que afectaban ás relacións coa Igrexa; demorou o proceso autonómico, que afectou aos estatutos galego e vasco; e decretou unha ampla amnistía aos militares que participaran no golpe de Estado de 1932. A incorporación da CEDA ao goberno en outubro de 1934 forzou a radicalización dos socialistas (PSOE e mais UGT), opositos ao «fascismo» da CEDA e partidarios dunha república federal socialista, que promovoron unha **insurrección revolucionaria** que só tivo éxito en Asturias, onde estableceran unha alianza obreira cos comunistas e os anarquistas.

Acosado polos escándalos, Alcalá Zamora dissolveu as Cortes e convocou novas eleccións en febreiro de 1936. Nesa ocasión, fronte á desunión da dereita, a esquerda presentouse unida nunha Frente Popular na que os partidos integrantes (PSOE, Izquierda Republicana, PCE, Partido Galeguista...) acordaran en xaneiro de 1936 un programa (Doc. 4) a concesión dunha amnistía para os presos políticos; a recuperación da política reformista, derrogando as disposicións do goberno radical-cedista que servían para frear as reformas, como a lei de arrendamentos; e a reactivación, «co ritmo dos primeiros anos da República, da creación de escolas de primeiro ensino». Tras o **triunfo da Frente Popular** o 16 de febreiro (Doc. 1), formouse un goberno de republicanos de esquerda debido a que o PSOE declinara participar no goberno, que, ante a mobilización campesiña e obreira nun momento de crise económica, retomou a reforma agraria e a legislación laboral e social progresista. Precisamente por esa razón, os sectores más reaccionarios da sociedade favoreceron a crispación social arredor da cuestión relixiosa e a actuación de grupos paramilitares que provocaron unha escalada de violencia urbana na que tamén participaron elementos da extrema esquerda.

Nese **ambiente de crispación** e co obxecto de frear esa nova xeira reformista e progresista, os sectores opositos á República promoveron un **golpe de Estado**, denunciado nas Cortes polo secretario xeral do Partido Comunista, José Díaz, o 15 de xullo de 1936. No seu discurso, Díaz sinalaba como unha das razóns para o golpe o feito de que a dereita «non quería acatar o que representaba o triunfo do 16 de febreiro», que abría as portas a unha «España democrática, na que houbese benestar para os obreiros e as clases populares» (Doc. 5). Ese golpe produciuse o 18 de xullo de 1936, só uns meses despois do triunfo da Frente Popular. A **sublevación militar** deu paso a unha guerra civil que logo de tres anos de enfrentamentos armados e de represión puxo fin ao lexitímo goberno republicano.